




José M. Artiaga Díaz
Mondoñedo

Converxencia Galega
www.converxencia.org



O vindeiro 22 de maio estás convidado a unha cita moi importante para todos nós: As eleccións municipais.

Quizais es dos que din: "¿Para que vale o meu voto se sempre gañan os mesmos?"

Ou tamén: "¿Para que ir votar se van facer o que lles dá a gana?"

Ou aquela más escoitada de: "Gañe quen gañe, o pobo vai seguir igual e non vai cambiar nada"...

Nas catro últimas lexislaturas gobernáronos o PP, o PSOE e o BNG. O resultado foi o mesmo de sempre, Mondoñedo segue indo a menos. Os datos de poboación non menten, e de seguir así, no ano 2020 seremos pouco más de 2.000 habitantes en todo o concello.

¿De que nos serve que se fagan parques infantis, se dentro de pouco non haberá nenos que xoguen ali?

¿De que nos serve que se fagan vivendas, se más da metade do centro está formado por casas deshabitadas ou en ruínas?

¿De que nos serve que che dean un posto de traballo eventual varrendo as rúas se en poucos meses estás outra vez no paro?

¿Cantas e cantas veces vimos nos programas electorais de todos estos partidos que xa nos gobernarón a "creación dun polígono industrial" que agora está baleiro?

¿Cantas veces saíches un sábado ou un domingo a tomar un viño e ás dúas horas estabas de novo na casa porque non había xente polas rúas?

Agora propoñémosche outra alternativa: *Converxencia Galega*.

E ti dirás, "¿E quen coñece a estes?" Pois ben, a resposta é moi sinxela: Somos rapazas e rapaces de todo o concello, coñécesnos de sobra, e que estamos fartos da apatía dos nosos anteriores alcaldes e concelleiros.

¿E por que che pedimos o voto? Porque queremos o mellor para Mondoñedo.

Porque nós tamén estamos fartos de que o noso concello vaia a menos, ano tras ano.

Porque che aseguramos que imos traballar, únicamente para Mondoñedo, sen que ningún partido nos dea orde algúna.

Porque é hora de que Mondoñedo teña a clase política que se merece, xente que soamente lle preocupe o que pasa no pobo.

Porque seremos completamente transparentes en todas as xestións.

Porque todos os veciños de Mondoñedo serán iguais para nós.

Gonzalo García González "Zalo"

Programa electoral

Urbanismo e urbanidade

- ✓ Traballar por un urbanismo sostible, honesto e transparente, aproveitando a proximidade da costa, da autovía do Cantábrico, e a situación privilexiada que Mondoñedo ten como cabeza de comarca para xerar emprego e riqueza.
- ✓ Elaboración e aprobación dunha vez por todas do Plan Xeral de Ordenación Urbana.
- ✓ Non ter en conta a valoración que se está a facer das fincas do medio rural con edificacións para cobrar o Imposto de Bens Inmobilés, en tanto non se doten dos servizos básicos, dos que carecen moitas delas.



- ✓ Atención especial á limpeza e coidado de todo o concello durante todo o ano, e non só dous meses antes das eleccións.
- ✓ Tomar as medidas oportunas para evitar o perigo que supoñen as casas abandonadas en ruínas.
- ✓ Instalar contedores soterrados.
- ✓ Mellorar a sinalización.
- ✓ Instalar bandas rugosas en lugares estratégicos.
- ✓ Construir un aparcadoiro.
- ✓ Estudar a posibilidade de facer peonil o casco histórico-artístico para o seu uso como un verdadeiro centro comercial aberto e un espazo habitable, seguro, e atractivo para o turismo.
- ✓ Creación dun punto limpo.
- ✓ Manter e mellorar a rede vial de todas as parroquias.
- ✓ Potenciar o aforro enerxético.
- ✓ Mellorar as traídas de auga que se encuentren nun estado deficiente e garantir o abastecemento en todo o concello durante todo o ano.
- ✓ Crear e mellorar a rede de saneamento.
- ✓ Acondicionar e manter as antigas escolas rurais como locais sociais.
- ✓ Estudar a viabilidade do Mirador como escola de prácticas de hostalería para ciclo posterior ao de Formación Profesional, como Centro de Día, como albergue xuvenil para campamentos, como hotel-restaurante, etc.

Política social

- ✓ Evitar a marcha da xuventude pola falta de emprego, favorecendo que desenvolvan os seus propios proxectos.
- ✓ Apoio á natalidade coa achega por parte do concello aos pais de 1.500 € por fillo que figure inscrito no padrón e resida no concello.
- ✓ Apertura da Casa da Xuventude durante a fin de semana, festivos..., para o uso e goce da poboación a quen vai dirixida, así como a apertura da Biblioteca Municipal e a Oficina de Turismo durante todo o ano.

- ✓ Mellora das instalacións de uso infantil, facendo especial fincapé na seguridade das mesmas.
- ✓ Incentivar o empadroamento dos residentes en Mondoñedo a través dunha política social axeitada e vantaxosa.

Terceira idade

- ✓ Ofrecer un servizo profesional aos nosos maiores a través da creación dun Centro de Día en terreos que achegará o concello.
- ✓ Dotar a Mondoñedo dunha residencia da terceira idade digna e con servizos profesionais e asistencia aos nosos maiores.
- ✓ Reubicar o parque xeriátrico nun contorno máis axeitado.

Industria

- ✓ Apoiar incondicionalmente o desenvolvemento da industria local.
- ✓ Favorecer a implantación de empresas para a creación de emprego e o desenvolvemento económico do noso municipio.
- ✓ Proporcionar axudas a empresas que crean postos de traballo estables para a adquisición de parcelas no Polígono Industrial.
- ✓ Atraer empresas de enerxías renovables polo gran potencial da zona, en especial, biomasa e cultivos enerxéticos, hidróxeno... Facer de Mondoñedo un "val enerxético" no seu desenvolvemento en I+D+i.
- ✓ Facilitar a implantación dunha empresa embotelladora de auga mineral.
- ✓ Trasladar a subestación eléctrica a un lugar máis idóneo, afastado do casco histórico e da zona de protección da paisaxe.

Deportes

- ✓ Acondicionar aparcadoiros no Complexo deportivo "Viñas da Veiga".
- ✓ Mellorar as infraestruturas existentes.
- ✓ Promover, incentivar e guiar o deporte base cun seguimento constante dos programas que se establezan, potenciando as escolas deportivas con implicación real do concello.

- ✓ Apoio incondicional aos equipos federados de todas as disciplinas deportivas, especialmente o fútbol a través do fútbol base, polo delgado momento no que se atopa.
- ✓ Estudar a viabilidade dunha piscina climatizada en coordinación cos concellos límitrofes.
- ✓ Crear un ximnasio público municipal nas instalacións do pavillón polideportivo.

Turismo

- ✓ Crear unha páxina web oficial do concello.
- ✓ Crear un plan turístico integral para a potenciación e desenvolvemento do municipio.
- ✓ Potenciar as visitas guiadas ás Covas do Rei Cintolo mediante a creación dun centro de interpretación de espeleoloxía estable e permanente.
- ✓ Acondicionar e potenciar as rutas turísticas existentes no concello.
- ✓ Establecer convenios con empresas do sector turístico para o desenvolvemento e promoción da cidade.
- ✓ Crear un verdadeiro museo etnográfico.
- ✓ Promocinar un complexo residencial con campo de golf no noso concello.
- ✓ Recuperar e promocinar as rutas de sendeirismo e espazos naturais existentes no municipio e facer un mantemento constante das mesmas.

Agricultura e forestal

- ✓ Promocionar dende o concello unha cooperativa hortícola para dar valor engadido aos nosos produtos a través dunha denominación propia da zona.
- ✓ Impulsar o desenvolvemento do polígono agrario a través de técnicos cualificados, con especial atención á horticultura ecolólica.
- ✓ Promocionar dende o concello unha silvicultura razoable evitando o monocultivo.
- ✓ Recuperar a Festa da Leituga como evento de promoción dos produtos da horta mindoniense.
- ✓ Recuperar a Feira Mostra e a Festa da Empanada do día das Quendas.

Cultura

- ✓ Elaborar unha programación cultural estable e racional ao longo de todo o ano.
- ✓ Apoiar a Semana Santa, Mercado Medieval...
- ✓ Recuperar as proxeccións cinematográficas semanais tanto en sala como ao aire libre en época estival.
- ✓ Recuperar o Premio de Narrativa "Álvaro Cunqueiro" en colaboración co Concello de Vigo.
- ✓ Poñer en valor os recursos culturais mindonienses, tanto materiais como inmateriais.
- ✓ Crear unha rede de museos mindonienses: Mindonienses Ilustres, Imprenta, ...
- ✓ Reactivar a Fundación Padroado Álvaro Cunqueiro.
- ✓ Apoiar aos artistas mindonienses.
- ✓ Estudar a viabilidade dunha rede Wi-Fi en todo o concello.
- ✓ Suprimir o Imposto de Circulación aos vehículos clásicos.

As vindeiras eleccións municipais foron xa convocadas e pensáremos que somos outra vez os de sempre. Os de sempre si, pero con matices.

Os membros da candidatura de *Converxencia Galega* que eu encabezo somos xente nova e de mediana idade, e non tivemos nunca a oportunidade de dirixir os designios do noso concello.

Queremos facer un Goberno que rache coas ataduras do pasado para crear emprego na comarca. Contra a crise, traballo e ideas.

Imos desenvolver un urbanismo sostible e de futuro, pero ao mesmo tempo ambicioso no noso concello, si ou si.

Imos encher o noso Parque Empresarial de actividade industrial aínda que haxa que subvencionar as parcelas, si ou si.

Imos impulsar a creación dunha Cooperativa Hortícola no noso concello, si ou si.

Imos impulsar a creación dun Hotel de Gran Categoría como soporte do noso turismo, si ou si, xa sexa no Mirador ou noutro enclave.

Imos desenvolver un plan de desenvolvemento turístico que leva parado na Casa do Concello moitos anos, si ou si. E falando de turismo, o pouco ou moito que se fixo neste campo corresponde case todo á nosa etapa na Delegación de Turismo hai vinte anos: apertura da Oficina de Turismo, visitas guiadas ás Covas do Rei Cintolo, Concentración de Motos e creación da Cea Medieval do verán que se transformou no actual Mercado Medieval.

Baseándonos nestes catro piarez queremos deter a caída en picado á que está abocado Mondoñedo, que nos últimos cen anos perdeu máis da metade da poboación. Non somos "más de lo mismo". Somos unha opción diferente, progresista, liberal e galeguista ,e sobre todo, con visión de futuro. Somos xente que levamos toda a vida xogándonos o pan comprometidos co noso concello.

Aos que tedes un mínimo de esperanza e credes que no futuro aínda pode estar a vosa casa en Mondoñedo, pídovos que confiedes en nós para o 22 de maio.

*Mondoñedo Nai e Señora,
Saúde e Terra.*

José María Artiaga Díaz "Josechu"